



XXI CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS 2026

BASES

Primeira

-O Concello de Monforte de Lemos convoca o **XXI CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS**, co fin de escoller o cartel anunciador das FESTAS PATRONAIS de Monforte de Lemos do ano 2026.

Segunda

-Haberá que participar con obras de creación propia, orixinais e inéditas. A técnica e o formato será libre sempre que sexa apta para a reprodución mediante cuatricromía.

-Para non reincidir, os gañadores dos dous últimos anos do CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS de Monforte de Lemos non poderán presentarse na presente edición, podendo facelo nas seguintes.

-Os deseños deberán incluír o texto **MONFORTE DE LEMOS FESTAS PATRONAIS do 11 ó 16 de agosto 2026**, distribuído do xeito que escollo o autor/a.

Terceira

-A entrega de orixinais realizarase persoalmente ou por correo no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende a data da convocatoria ata o 5 de maio de 2026. Non se aceptarán aquelas obras que leven cuño de correos con data posterior.

-As obras non levarán o nome do autor/a de maneira visible e presentaranse nun sobre asinado con pseudónimo, debendo acompañar noutro sobre pechado todos os datos persoais do autor: nome, enderezo postal completo, teléfono e enderezo de correo electrónico.

Cuarta

-Establécese un único premio que será o cartel anunciador e a portada do programa das Festas 2026 e dótase cunha cantidade de 1.000 euros, impostos incluídos, con cargo á aplicación 3340.481.00 do orzamento municipal.

Quinta

-O cartel que reciba o premio quedará en poder do Concello de Monforte de Lemos. A propiedade intelectual do traballo gañador corresponderá ó/a autor/a, non obstante a concesión do premio levará consigo sobre o traballo gañador a cesión exclusiva e gratuíta en favor do Concello de Monforte de todos os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, medio ou formato, incluídos os audiovisuais, os informáticos, os multimedia e os telemáticos. O Concello de Monforte poderá exercer os seus dereitos libremente, sen limitacións de tipo temporal ou territorial, sen que en ningún caso sexa necesaria a autorización do autor, que non terá dereito a ningún tipo de remuneración, percepción, participación, compensación nin indemnización por razón de ese exercicio nin da cesión de dereitos.

-A inscrición no concurso de deseño de carteis festas patronais implica a autorización ó Concello de Monforte de Lemos de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos Datos Persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación do gañador, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

-Queda autorizado expresamente o Concello de Monforte para divulgar o traballo gañador na forma e polos medios que considere máis oportunos e poderá exercer os seus dereitos sobre un fragmento ou parte do traballo, podendo adaptalo se fose necesario.

Sexta

-O gañador/a do concurso entregará tamén unha copia do cartel en formato dixital e incluírá os diferentes logotipos facilitados polo Concello de Monforte e se é o caso das entidades patrocinadoras.

-O cartel gañador e unha selección dos mellores traballos presentados, selección realizada polo xurado, quedarán temporalmente en poder da Delegación Municipal de Cultura para realizar unha exposición na Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro. Unha vez rematada a exposición serán devoltos aqueles que sexan solicitados polos seus autores. Os autores responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas.

Sétima



-O *xurado* do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: 4 Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

-A decisión do xurado farase pública o 11 de maio.

-A composición do xurado aprobarase e darase a coñecer polo Concello con antelación suficiente.

Oitava

CRITERIOS DE SELECCIÓN E VALORACIÓN
TEMÁTICA E RELACIÓN COA CIDADE DE MONFORTE E AS SÚAS FESTAS
MELLOR DESEÑO GRÁFICO
TRATAMENTO DAS CORES E TIPO DE LETRAS
DIFERENTES USOS DO TEXTO E DAS IMAXES
CALIDADE TÉCNICA
CALIDADE ARTÍSTICA
IMPACTO VISUAL
CREATIVIDADE
ORIXINALIDADE NO DESEÑO DA MONTAXE

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración entre 0 e 10 puntos cun máximo de 90 puntos por xurado.

Novena

-A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases. A súa interpretación corresponde exclusivamente ó xurado, o cal poderá deixar deserto o premio establecido. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Décima

-O aboamento do premio será tramitado polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente ao/á gañador/a do concurso seralle requirida a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular.

-Non poderá realizarse o pagamento mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeira

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante ó órgano que ditou a resolución de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso - Administrativo de Lugo.

Décimo segunda

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.